

## PROBA COÑECEMENTOS AUXILIAR DE POLICÍA

29 de marzo de 2017

### INSTRUCCIÓN:

- 1) A proba consiste na realización de 50 preguntas de tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha ,
- 2) O tempo máximo para a realización da proba é de 50 minutos.
- 3) Cada pregunta ten 4 respostas, das cales só unha é válida e as outras 3 non.
- 4) As respostas marcaranse cun símbolo X no cadro impreso no papel autocopiante.
- 5) As respostas débense marcar con bolígrafo.
- 6) A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula :  
$$N=(A-F/3)/5$$
  
Sendo N=nota final da proba; A= preguntas acertadas ; F= preguntas erradas ou non respostadas
- 9) As preguntas 50 a 60 son de reserva.

### 1 Segundo a Lei 7/1985, que órgano é competente para a aprobación definitiva dunha ordenanza fiscal?

- a) A Xunta de Goberno local.
- b) O Pleno
- c) O Alcalde.
- d) A Comisión especial de contas

### 2. A condición de veciño no municipio adquirese :

- a) Polo transcurso do tempo de residencia no mesmo.
- b) Por traballar no termo municipal
- c) O inscribirse como tal no padrón
- d) Por concesión discrecional do Alcalde

### 3. ¿ Cal das seguintes afirmacións sobre os uniformes dos auxiliares de policía non se recolle na Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais?

- a) Levaran o uniforme correspondente do corpo de Policía local na que presten temporalmente os seus servizos
- b) Levarán unha placa-emblema e distintivo nas ombreiras
- c) Irán provistos dun documento semellante ao dos membros dos corpos de Policía local, na cal se substituirá a categoría de policía por «auxiliar de Policía local», e o seu número de identificación, dado polo Concello irá precedido de una «A» maiúscula.
- d) E necesario fagan constar a lenda de "Auxiliar de policía local " no seu uniforme

**4.-Segun a Lei de Bases de Rexime local , ¿a quen lle corresponde exercer a xefatura da Policía Municipal?**

- a) O Alcalde.
- b) O Tenente de Alcalde.
- c) A xunta de goberno local
- d) A un Concelleiro

**5.- Segundo a Lei de Coordinación de Policías Local de Galicia, ¿ a que escala pertence a categoría subsinspector ?:**

- a) Escala Básica.
- b) Escala Superior.
- c) Escala Técnica.
- d) Escala Executiva.

**6 . ¿ En Galicia cal das seguintes actividades non están sometidas a licenzia ou autorización ?**

- a) A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas que se desenvolvan en establecementos públicos cunha capacidade superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.
- b) A celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles.
- c) A apertura dos establecementos públicos e a organización de espectáculos públicos e actividades recreativas que están sometidas ao réxime de comunicación previa.
- d) A instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública, anexas ao establecemento.

**7.- ¿ Non se considéranse infraccións moi graves pola lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia ?**

- a) As obras e actividades en solo rústico que están prohibidas pola Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia
- b) A demolición de bens que o planeamento urbanístico inclúa non catálogos de bens protexidos .
- c) O incumprimento de normas relativas o uso e edificación que afecten a zoas verdes ,espacios libres e dotacións e equipamentos públicos , viarios na zona.
- d) a execución de obras sen licenzia , comunicación previa ou orden de execución cando sexan legalizables por ser conformes co ordenamento xurídico

**8.- Cales das seguintes normas son desenvolvemento da Lei de Coordinación de Policías Locais de Galicia?:**

- a)Decreto 243/2008, do 16 de Outubro.
- b)Decreto 60/2010, do 8 de Abril.
- c)Decreto 77/2010, do 29 de Abril.
- d) Todas as anteriores.

**9 . Cal das seguintes afirmacións non é correcta en relación coas funcións da Policía Local recollidas na Lei de Forzas e Corpos de Seguridade:**

- a) Ordenar, sinalizar e dirixir o tráfico , de acordo ao establecido nas normas de circulación.
- b) Prestar auxilio so nos casos de accidente
- c) Instruír atestados por accidentes de circulación dentro do solo urbano legalmente delimitado
- d)Policía Administrativa, no relativo a Ordenanzas, Bandos e demais disposicións.

**10.- Nas Entidades Locais, ¿a quen corresponde a potestade de ditar os Bandos ?**

- a) O Alcalde
- b) A xunta de Goberno local
- c) O pleno
- d) O xefe da policía local

**11.-Conforme ó RD 393/2007, as actividades de espectáculos públicos e recreativas que deben ter un plan de autoprotección para situacións de emerxencia son:**

- a) Edificios pechados con aforo igual ou superior a 1.000 persoas
- b) Instalacións pechadas desmontables con aforo igual ou superior a 2.500 persoas
- c) Instalacións de tempada con aforo igual ou superior a 1.000 persoas.
- d) Actividades ó aire libre con aforo igual ou superior a 2.500 persoas.

**12.-A licenza urbanística:**

- a) E unha autorización administrativa
- b) Implica intervención municipal
- c) E un acto reglado
- d) Todas as anteriores son correctas.

**13.-A Lei de Coordinación de Policías Locais de Galicia estrutúrase en....:**

- a) 7 títulos, 2 DA, 2 DT, 1 DD e 1 DF
- b) 8 títulos, 2 DA, 3 DT, 1 DD e 3 DF
- c) 7 títulos, 2 DA, 3 DT, 1 DD e 3 DF
- d) 8 títulos, 2 DA, 2 DT, 1 DD e 1 DF

**14.-¿Qué Lei modifica a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia?**

- a) A Lei 8/2015, de 8 de xullo.
- b) A Lei 7/2016, de 7 de agosto.
- c) A Lei 9/2016, de 8 de xullo.
- d) A Lei 5/2010, de 2 de febreiro.

**15.-Segundo o establecido no artigo 33 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, son requisitos para o ingreso nos corpos de Policía local de Galicia:**

- a) Estar en posesión da titulación requirida.
- b) Non ter cumpridos os 36 anos de idade.
- c) Cumplir cos requisitos establecidos con carácter xeral para o ingreso na Administración local.
- d) Son certas as respostas a) e c).

**16.-Segundo o artigo 30 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, ¿cál é o número mínimo de efectivos co que contarán os corpos de Policía local?**

- a) Un oficial.
- b) Dous Policía e un Oficial.
- c) Tres Policía.
- d) Tres Policía e un Oficial.

**17.-En Galicia, a inspección e sanción en materia de venta ambulante corresponde:**

- a) O concello, por ser competencia del a venta ambulante
- b) A consellería de Industria e Comercio.
- c) O Concello, sen perxuízo das competencias atribuídas a outras administracións
- d) Todas son correctas

**18.-O Código Penal básase nos principios fundamentais de :**

- a) Legalidade, culpabilidade e intervención mínima.
- b) Legalidade, culpabilidade e reinserción.
- c) Legalidade, tipicidade e culpabilidade.
- d) Tipicidade, arrepentimento e reinserción.

**19.-A localización permanente é:**

- a) Pena non privativa de liberdade.
- b) Pena leve, sempre que se impoña como responsabilidade persoal subsidiaria por impago de multa.
- c) Pena leve ou menos grave
- d) Pena leve.

**20.-Según a Lei de Coordinación de Policía Locais de Galicia, ¿cál das seguintes non é unha falta grave?:**

- a) A grave desconsideración cos superiores, compañeiros, subordinados ou cidadáns, no exercicio das súas funcións ou con ocasión das mesmas.
- b) A cesión, transmisión e revelación a terceiras persoas non autorizadas, por calquera medio e con calquera ánimo e finalidade, dos soportes orixinais das grabacións ou suas copias, de modo íntegro ou parcial.
- c) A desobediencia ós superiores xerárquicos ou responsables do servizo con motivo das órdenes ou instrucións dadas por aqueles.
- d) Causar danos graves na conservación de locais, material ou demais elementos relacionados co servizo, ou dar lugar, por negligencia grave, ó extravío, perda ou sustracción destes..

**21.-Para que unha acción se considere delito, segundo o Código Penal:**

- a) Ten que ser antixurídica, típica e dolosa.
- b) Ten que ser dolosa e antixurídica
- c) Ten que ser dolosa, típica, antixurídica e culpable.
- d) Ten que ser típica, dolosa, ou imprudente e antixurídica

**22.-Un sinal do tipo S-13 significa.....**

- a) Precaución por entrada nun túnel
- b) Calzada sentido único.
- c) Situación dun paso de peóns
- d) Praza reservada a minusválidos.

**23.-¿Qué artigo da Constitución garantiza a autonomía dos concellos?**

- a)Artigo 130.
- b)Artigo 140.
- c)Artigo 120.
- d)Artigo 150.

**24.-¿Qué norma define o Municipio no seu artigo 1 como a entidade local básica da organización territorial do Estado?**

- a) Ley 4/2007.
- b) Ley 10/1995.
- c) Ley 7/1983.
- d)Ningunha das anteriores.

**25.-¿Cal é o trámite de aprobación dos Bandos da Alcaldía?**

- a)Aprobación inicial polo Pleno e publicación.
- b)Aprobación polo Pleno, exposición pública de 30 días e publicación.
- c)Aprobación inicial polo Alcalde, periodo de alegacións e publicación.
- d)Elaboración polo Alcalde e publicación.

**26.-¿En que artigo de la Lei 7/1985 se regula o procedemento para a aprobación das Ordenanzas Locais?**

- a)No artigo 50.
- b)No artigo 51.
- c)No artigo 49.
- d)No artigo 47.

**27.-O pluralismo político non ten por qué verse representado no seguinte órgano municipal:**

- a) Pleno.
- b) Xunta de Goberno.
- c) Comisións Informativas.
- d) Todos eles deben ser expresión do mesmo.

**28.-Un delito, ¿pódese cometer por omisión?**

- a)Sí.
- b)Non.
- c)Dependerá da clasificación do Ministerio Fiscal.
- d)A resposta a) e c) son correctas.

**29.-Nos concellos de máis de 20.000 habitantes, o Pleno celebra sesión ordinaria como mínimo:**

- a) Cada mes.
- b) Cada dous meses.
- c) Cada tres meses.
- d) Cada catro meses.

**30.-Trala entrada en vigor da Lei 27/2013 de 27 de decembro ¿Cál das seguintes non é unha entidade local?**

- a) As entidades de ámbito territorial inferior ó municipio.
- b) As illas nos arquipélagos balear e canario.
- c) As comarcas.
- d) As áreas metropolitanas.

**31.-O control municipal dos actos de edificación e uso do solo realizase a través de:**

- a) Licencias urbanísticas.
- b) Licencias urbanísticas e comunicacións previas.
- c) Comunicacións previas.
- d) Informes técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade coa legalidade urbanística.

**32.-As peticións de licenzas urbanísticas resolveranse no prazo de:**

- a) Quince días.
- b) Un mes.
- c) Dous meses.
- d) Tres meses.

**33.-As facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística:**

- a) En ningún caso entenderanse adquiridas por silencio administrativo.
- b) En todo caso entenderanse adquiridas por silencio administrativo.
- c) Só se entenderán adquiridas por silencio administrativo si se presentou a solicitude con toda a documentación completa no rexistro xeral do Concello.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

**34.-¿Cál es a porcentaxe de reserva e garantías para o sistema de acceso por mobilidade das distintas categorías das Policía Locais de Galicia?**

- a) 25%
- b) 30%
- c) 35%
- d) 40%

**35.-¿Cál das seguintes armas non ven recollida no Decreto que determina os medios técnicos das Policía Locais de Galicia como medio de dotación individual?**

- a) Arma de fogo e defensa extensible.
- b) Spray de autodefensa.
- c) Inmovilizador eléctrico homologado.
- d) Navalla homologada.

**36.-Constitúe un delito contra a seguridade viaria:**

- a) Conducir un vehículo a motor ou ciclomotor a máis de 60 km/h en vías urbanas ou a máis de 80 km/h en vías interurbanas.
- b) Conducir un vehículo a motor ou ciclomotor cunha tasa de alcol superior a 0,60 mg de aire expirado.
- c) Conducir un vehículo a motor ou ciclomotor sen a dilixencia suficiente e poñendo en risco a seguridade do vehículo
- d) Todas son correctas

**37.- Nun paso estreito, ante a ausencia de sinais, qué vehículo terá preferencia?:**

- a) O que entre primeiro no estreito
- b) O de maior MMA.
- c) En caso de dúbida, o de maiores dificultades de manobra.
- d) a e c son correctas.

**38.-A Lei de Coordinación de Policías Locais de Galicia estrutúrase en....:**

- a) 7 títulos, 2 DA, 2 DT, 1 DD e 1 DF
- b) 8 títulos, 2 DA, 3 DT, 1 DD e 3 DF
- c) 7 títulos, 2 DA, 3 DT, 1 DD e 3 DF
- d) 8 títulos, 2 DA, 2 DT, 1 DD e 1 DF

**39.-As reiteradas faltas de puntualidade ó servizo, consideraranse ...**

- a) Falta Grave.
- b) Falta Leve
- c) Falta moi Grave.
- d) Amoestación

**40.-¿Que artigo do RGC recolle todo o relativo ás probas de detección de estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes e análogos?**

- a) 20.
- b) 21.
- c) 28
- d) 23

**41.-Según o artigo 24.1 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, oos corpos de Policía local de Galicia estruturaránse xerarquicamente nas seguintes escalas:**

- a) Superior, técnica e básica.
- b) Superior, técnica, executiva e básica.
- c) Superior, técnica, executiva, básica e facultativa.
- d) Técnica, executiva e básica.

**42.-Segundo o artigo 27.1 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, o nomeamento do Xefe do Corpo de Policía local será efectuado por:**

- a) O alcalde.
- b) O Pleno de la Corporación municipal.
- c) O Concelleiro delegado en materia de persoal.
- d) O alcalde coa autorización do órgano autonómico competente.

**43.-Segundo o artigo 52 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, para a representación, defensa e promoción dos seus intereses profesionais, económicos e sociais, os funcionarios dos corpos de Policía local de Galicia:**

- a) Poden integrarse libremente nas organizacións sindicais, separarse delas e constituír outras organizacións, dacordo co marco legal aplicable.
- b) Poden integrarse só en organizacións profesionais.
- c) Non poden integrarse en organizacións sindicais nin constituír outras organizacións análogas ou similares xa que o persoal da seguridade pública non ten dereito a sindicarse.
- d) Ningunha resposta é correcta.

**44.-¿Qué artigo da Lei Orgánica 2/1986, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade recolle a función de Policía Administrativa entre as funcións da Policía local?**

- a) Artigo 50
- b) Artigo 51.3
- c) Artigo 52
- d) Artigo 53

**45.-Segundo a Lei de Coordinación de Policía Locais de Galicia, ¿cal das seguintes non é falta grave?**

- a) A grave desconsideración co persoal de pertenza ó corpo ou coa cidadanía, no exercicio das súas funcións ou cando cause descrédito notorio á institución policial.
- b) O incumprimento do deber de fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Autonomía no exercicio das funcións.
- c) Non prestar servizo alegando suposta enfermidade.
- d) Embriagarse ou consumir drogas tóxicas, estupefacentes ou substancias psicotrópicas fora de servizo, cando tales circunstancias teñan carácter habitual ou afecten á imaxe do corpo policial.

**46.-Segundo a Lei de Coordinación de Policía Locais de Galicia, ¿cál das seguintes sancións se poderá impor para un expediente administrativo por falta leve?**

- a) Apercibimento.
- b) Separación do servizo.
- c) Traslado a outro posto de traballo dentro da mesma localidade.
- d) Suspensión de funcións de sete días.

**47.-¿Cál é o tempo máximo polo que se outorgarán as autorizacións para exercela venda ambulante, segundo o artigo 76 da Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia?**

- a) Dous anos
- b) Tres anos.
- c) Catro anos.
- d) Cinco anos.

**48.-Cando como consecuencia dunhas lesións sen intención de matar, se produce a morte do agredido, estamos ante:**

- a) Homicidio doloso con atenuante.
- b) Homicidio doloso sin atenuante.
- c) Homicidio imprudente.
- d) Ningunha resposta é correcta.



**49.-¿En qué artigo da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais se regula ós auxiliares de policía local?**

- a)Artigo 87
- b)Artigo 95
- c)Artigo 100
- d)Disposición Adicional 1ª

**50.-O que, con manifesto desprezo pola vida dos demais conducira un vehículo a motor ou ciclomotor con temeridade manifesta e puxera en concreto perigo a vida ou integridade das persoas, será castigado entre outras penas con prisión de:**

- a)De 6 meses a 3 anos.
- b)De 1 a 3 anos.
- c)De 2 a 5 anos.
- d)De 3 a 6 anos.

**R51.-¿Pode un peón ser sancionado por taxas de alcoholemia?**

- a)Si, dende a entrada en vigor da última modificación do RDL 339/90, de 2 de marzo.
- b)Si, aínda que só si está implicado nun accidente ou comeu unha infracción ó regulamento Xeral de Circulación.
- c)Non.
- d)Son correctas as respostas a) y b).

**R52.-¿Qué indica o sinal R-100?**

- a)Entrada prohibida a peóns.
- b)Entrada prohibida a vehículos de tracción animal.
- c)Entrada prohibida a vehículos que transporten mercadorías perigosas.
- d)Circulación prohibida.

**R53.-¿Qué indica o sinal S-2?**

- a)Calzada de sentido único.
- b)Túnel.
- c)Fin de autopista.
- d)Fin de túnel.

**R54.-Quen outorga as licenzas municipais?:**

- a) A Secretaria.
- b) A comisión de goberno.
- c) A comisión correspondente.
- d) O Alcalde

**R55.-¿Existen Consellos Autonómicos de Tráfico, Seguridade Vial e Movilidade Sostible?**

- a)Si, en todas as autonomías.
- b)Pódense constituir naquelas comunidades que teñan transferidas as competencias de tráfico e circulación de vehículos a motor.
- c)Non, existe un Consello único en España.
- d)Existe un Consello naquelas Comunidades nas que existe un coordinador rexional de tráfico.

**R56.-Como norma xeral, na Lei de Seguridade Vial non se prohíbe a parada e o estacionamento:**

- a)Nas pontes.
- b)Nos pasos a nivel.
- c)En autopistas e autovías.



d) Sobre os raís de tranvías ou cerca deles.

**R57.- Segundo a Lei de Coordinación de Policía Local é de Galicia, cal das seguintes é unha falta leve ?:**

- a) A grave desconsideración cos superiores, compañeiros, subordinados ou cidadáns, no exercicio das súas funcións ou con ocasión das mesmas.
- b) O *retraso ou a negligencia no cumprimento das funcións e ordes recibidas.*
- c) A desobediencia a os superiores xerárquicos ou responsables do servizo con motivo das ordes ou instrucións dadas por aqueles.
- d) Causar danos graves en a conservación de locais, material ou demais elementos relaciones con o servizo, ou dar lugar, por negligencia grave, ao extravío, perda ou subtracción destes.

**R58.- Cales das seguintes normas son desenvolvemento da Lei de Coordinación de Policía Locais de Galicia?:**

- a) Decreto 243/2008, do 16 de Outubro.
- b) Decreto 60/2010, do 8 de Abril.
- c) Decreto 77/2010, do 29 de Abril.
- d) Todas as anteriores.

**R59 . ¿ Cal das seguintes funcións non lle corresponde a policía local ?**

- a) Policía administrativa, no relativo as ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais dentro do ámbito da súa competencia
- b) Vixiar os espazos públicos e colaborar cas forzas e corpos de seguridade do Estado e coa Policía de Galicia na protección das manifestacións e o mantemento do orden nas grandes concentracións humanas, cando sexan requiridos para elo.
- c) Conceder licencias de actividade, así como acordar o peche de actividades non conten coa correspondente licencia ou comunicación previa
- d) Instruír atestados por accidentes de circulación no ámbito da súa competencia dentro do solo urbano legalmente delimitado.

**R60 .Segundo o código penal considerase que comete hurto :**

- a) O que, con ánimo de lucro, tomare as cousas mobles alleas sen a vontade de seu dono será castigado, como reo de hurto, coa pena de prisión de seis a dezoito meses si a cuantía do sustraído excedese de 400 euros.
- b) O que, con ánimo de lucro, tomare as cousas mobles alleas sen a vontade de seu dono será castigado, como reo de hurto, coa pena de prisión de seis a dezoito meses si a cuantía do sustraído excedese de 2000 euros.
- c) O que, con ánimo de lucro, tomare as cousas mobles alleas coa autorización do dono .
- d) O que con ánimo de lucro, se apoderare das cousas mobles alleas empregando forza nas cousas para acceder ou abandonar el lugar onde estas se atopan ou violencia o intimidación nas persoas.